

GASTRONOMÍA. Algunhas receitas de cociña características da Baixa Limia son:

Zarrabullo

Prato de inverno feito co sangue do porco. Amasan o sangue do porco con fariña milla ou centea, engaden sal e cóceno en forma de boliñas durante 20 ou 30 min. Preséntanse cortadas en rodela finas acompañadas de cebola frita e pan millo.

Formigos

Bótase pan duro nunha pota, engádese un litro de leite, 4 ovos batidos, ¼ Kg de azucre e un chisco de sal. Métese ó forno e sácase cando empeza a dourar porriba (30 ou 40 min.)

Migallas

Seica se toma na época primaveral e no vran, cando a xente chega de traballa-las leiras e o que quere é refrescar e repoñer forzas. Unha suxestión: *probádeo cando cheguesdes á casa, despois da andaina.*

Botamos nun xerro 1/4 de viño tinto por persoa, engadimos pan trigo, unhas culleradas de azucre e mesturamos ben todo.

Letría

Poñemos nun recipiente un litro de leite, engadimos fideos finos (pouco máis de medio paquete), ¼ Kg de azucre e un chisco de azafrán. Cócese durante 10 min e sèrvese en pratos para que enfríe. Sírvese no prato cortado en taquiños espolvoreados con canela.



VII XORNADA DE ANDAINA

XURÉS

RUTA: SALAS-CLAMADOIRA

Pastorela ¡Que claro se abre o camiño que vai dereito ata a serra! Tanguendo no seu rebaño, por el sube Pastorela, unha man sobre o caxato e na outra a súa merenda. Unha cabriña vai coxa, cega dun ollo unha ovella. Por iso Pastoreliña paseniño vai á serra. Pola cume doura o sol, que nas sombras azulexa. No picouto érguese a ermita onde Pastorela reza... ¡Que claro se abre o camiño, que vai dereito ata a serra!...

Dora Vázquez "Recordos da miña xuventude"

Organiza:

ASOCIACIÓN CULTURAL

VÍA AURIA



DATA: 15 DE MARZO DE 2003



Teléfono: 630 283440

CONCELLO: Muíños

SITUACIÓN: sudeste da provincia de Ourense no extremo sur da comarca da Baixa Limia e fronteira con Portugal.

SUPERFICIE: 109,7 Km²

POBOACIÓN: 2100 habitantes

CLIMA: a precipitación oscila entre os 1000 e os 1200 mm anuais e a Temperatura media anual entre os 8-10°C e escasa presenza de neve ou xeadas.

FLORA: Carballeiras de cerquiños (*quercus pyrenaica*) mesturadas con castiñeiros, nas zonas máis escarpadas, complementáanse con alcornocais, acibros, texos e loureiros (*prunus lusitánica*) e deixan paso a toxeirás, breixos e carpazas no resto do territorio.



XEOMORFOLOXÍA: Serra do Pisco, fronteira natural con Portugal, Nevosa e Fontefría (1559 m) que se precipitan sobre un val a só 260m sobre o nivel do mar



e que configuran unha paisaxe de fortes pendentes e abundantes fervenzas nos ríos Limia, escavado na fractura da Serra de Sta. Eufemia e a Serra do Quinxo, o seu afluente, o Salas e o regato Salgueiro.

O XURÉS : O encoro do Salas, danos hoxe a benvinda ó Parque Natural Baixalimia-Xurés que ocupa unha superficie de 20.920 Ha.

A primeira ocupación efectiva desta zona tivo lugar, segundo os últimos estudos, a partir de mediados do IV milenio a.C. polos primeiros pobos agricultores e pastores.



Cando nos achegamos ó encoro de Salas podemos observar, á dereita da entrada do dique, un exemplo dos numerosos monumentos megalíticos que se espallan por todo este territorio e que serviron de túmulos funerarios en torno ó 3000 a.C.: a "Casiña da Moura" (dolmen de corredor que se trasladou pedra a pedra a este lugar e que fora escavado alí polo 1927 por López Cuevillas e en 1972 por Ferro Couselo).

Atravesamos o borde do dique e atopamos outro expoñente destas construcións: a "Casola do Foxo" (dolmen de cámara simple e que sacou á luz restos de cerámica campaniforme).



Pero será ó final da nosa ruta cando teñamo-lo privilexio de camiñar sobre a maior necrópole megalítica descuberta ata o de agora no sul de Ourense: as chairas da Clamadoira e Porqueirós, onde se teñen contabilizado ata 60 dólmenes).

Tamén é abundosa a presenza de castros, moitos deles romanizados: Picós, Xermeade, Pisco, Guntimil...

Hoxendía, alberga unha poboación regresiva e diseminada que se concentra preferentemente en zonas propicias para a agricultura, nas

"terras pardas"¹ de Mugueimes, Requiás, Guntimil, Prado...

SALGUEIROS: Coa colaboración de dous axentes do Parque que nos amosarán o máis salientable, visitaremos un pobo abandonado a mediados do século XIX que ofrece unha curiosa etnografía con elementos arquitectónicos de boa factura que revelan unha próspera vida comunitaria baseada na gandería e no contrabando. Aséntase sobre un pequeniño val a 1000 m de altitude e está próximo a Pitoes das Junias (Portugal) e ó río do mesmo nome: Salgueiro.

A CLAMADOIRA

Como final de ruta contemplaremos as fermosas vistas que nos ofrece a Clamadoira que, xunto con San Benito do Baño, e o Viso formaban o triángulo Sagrado da Baixa Limia. Esta interrelación quedou totalmente quebrada coa inundación do encoro, ó asulagar o Baño e crear unha fronteira entre o Viso e a Clamadoira que dificultou a concurrencia de unha e da outra veira da Limia.



¹ *Terra parda mesotrófica:* solo fértil cuns horizontes potentes caracterizados por unha drenaxe idónea para os cultivos